- 8.- Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/05/2019, no que informa que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/05/2019, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 10.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 13/05/2019.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 20/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 20/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/12/2019 14:20:41

DOCUMENTO: 20190441923

Fecha: 20/12/2019

Hora: 14:18





- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/05/2019 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/05/2019 (número de operación 2019 22009711), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 60930.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 13/05/2019.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2019.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 13/12/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 13/12/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de "BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E EN ABESADAS", segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, cun orzamento total de licitación de 68.475,09 euros (orzamento base: 56.590,98 euros; IVE 21%: 11.884,11 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 62.250,08 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 60930.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da





LCSP).

7.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”.

Expediente: 2019/C_OB000023

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”.

O investimento foi incluído no “Plan de Aforro e Investimento (PAI) adicional 1/2016”, considerado definitivamente aprobado por resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña número 2017/28415 do 12/09/2017, segundo a Circular da data 15/09/2017 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/09/2017, co número 15.156).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016, cun orzamento total de licitación de 57.781,37 euros (orzamento base: 47.753,20 euros; IVE 21% 10.028,17 euros).
- 2.- Informe de viabilidade de obras municipais asinado polo aparelador municipal Jesús García Ramos na data 18/02/2016.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/02/2016.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 18/02/2016.
- 5.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 29/02/2016, polo que se aproba participar no PAI 2016, os correspondentes proxectos, e demais acordos que no mesmo constan.
- 6.- Notificación de resolución de autorización das obras (nº expediente IF205A 2016/000075-1) do Servizo Provincial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, que tivo entrada no rexistro xeral do concello na data 19/09/2016 co número 11.966.
- 7.- Informe vinculante sobre unha licenza de obras, instalacións ou actividades non executadas pola administración titular da estrada na zona de dominio público distinta das calzadas e as súas beiravías, en zonas urbanas (nº expediente IF206B 2016/29) do Servizo Provincial da Coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, que tivo entrada no rexistro xeral do concello na data 19/09/2016 co número 11.976.
- 8.- Informe emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 30/06/2017, no que manifesta que o proxecto se axusta ás condicións establecidas nos informes emitidos pola Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.





- 9.- Decreto da Alcaldía da data 07/07/2017, de solicitude de inclusión do proxecto no Plan Complementario do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña.
- 10.- Decreto de emenda de deficiencias atopadas en documentos do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, de data 14/03/2016.
- 11.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 28/03/2016, polo que ratifica o Decreto da Alcaldía da data 14/03/2016, de emenda de deficiencias atopadas en documentos do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.
- 12.- Informe de supervisión de proxecto asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/08/2019, no que informa que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación do contrato é inferior a 500.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 13.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 06/08/2019, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 14.- Informe de adaptación do proxecto á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 07/08/2019.
- 15.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 03/09/2019 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 16.- Documento contable "RC" expedido polo interventor en funcións Jorge González Mariño na data 04/09/2019 (número de operación 2019 22017509), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160 61907.
- 17.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 08/08/2019.
- 18.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2019.
- 19.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 13/12/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 20.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 13/12/2019, no que conclúe informando favorablemente o expediente.





O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016, cun orzamento total de licitación de 57.781,37 euros (orzamento base: 47.753,20 euros; IVE 21% 10.028,17 euros). (Valor estimado do contrato: 52.528,52 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 61907.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA E REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 1/19 - TRIÑARES PEGO, S.L.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Execución de obras sen título habilitante municipal.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

SITUACIÓN: Porto de Castiñeiras s/n, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. Sergio Triñares Pego, (D.N.I. 53.484.394-X) e María Triñeres Pego (D.N.I. 53.937.239-W), en representación da mercantil TRIÑARES PEGO S.L. (CIF B-70397393).

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Asociación VERDEGAIA (CIF G-70060363).

AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Por resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 9 de setembro de 2015 outorgouse á entidade TRIÑARES PEGO S.L. a concesión administrativa para construción e explotación de depuradora de mariscos no dominio público portuario no porto de Castiñeiras, Riveira, que conta a súa vez cunha prórroga outorgada por resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 6 de abril de 2019.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Como consecuencia das actuacións de inspección efectuadas pola Policía Local do Concello de Riveira así como da denuncia presentada pola Asociación VERDEGAIA, comprobouse que no Porto de Castiñeiras s/n, Riveira, estábanse a executar obras de excavación sen teren concedido o pertinente título habilitante municipal, promovidas polo Sr. Sergio Triñares Pego e Sra. María Triñares Pego en representación da mercantil TRIÑARES PEGO S.L. (CIF B-70397393), xa que nas dependencias municipais constaba iniciada por dita entidade a solicitude da licenza de obras para construción dunha depuradora de marisco no Porto de Castiñeiras s/n, Riveira pero non a concesión do preceptivo título habilitante municipal.

SEGUNDO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de día 9 de abril de 2019 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 1/19 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia dos interesados, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- A notificación do citado Decreto practicouse en representación da mercantil TRIÑARES PEGO S.L. ao Sr. Manuel Triñares o día 10 de abril de 2019, en representación da Asociación VERDEGAIA ao Sr. Iñaki Varela o día 10 de abril de 2019, así como ao Sr. Intendente Acctal - Xefe da Policía Local do Concello de Riveira o día 10 de abril de 2019 para que levase a cabo a vixilancia correspondente para manter a orde de paralización.

CUARTO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do





Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

QUINTO.- Notificado este emprazamento en representación da Asociación VERDEGAIA o Sr. Iñaki Varela o día 10 de agosto de 2019, (Rexistro de entrada nº 11.301), e a Sra. M^a Manuela Abella Cruz o día 2 de setembro de 2019, (Rexistros de entrada nº 12.115 e 12.116 respectivamente), presentan sendos escritos - alegacións en relación ao expediente que nos ocupa.

SEXTO.- Consta no Concello de Riveira iniciado no ano 2015 o correspondente expediente de licenza de obras, e tras analizar os técnicos municipais o cumprimento da normativa sectorial medioambiental e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa, o técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga o día 16 de maio de 2019 e o arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 29 de maio de 2019, emiten sendos informes desfavorables en relación á solicitude da licenza de obra para construción e explotación de depuradora de mariscos no dominio público portuario no Porto de Castiñeiras, Riveira, notificados á entidade TRIÑARES PEGO S.L. os días 24 de maio e 14 de xuño de 2019 respectivamente no que sinalan **deficiencias subsanables** a realizar poloa entidade promotora.

SÉTIMO.- Pola súa parte o Sr. José Ignacio Jorganes Echezarreta en representación da Asociación VERDEGAIA o día 3 de outubro de 2019 recibiu en formato dixital copia completo do expediente administrativo en relación a tramitación da licenza de obras para construción e explotación de depuradora de mariscos, así como do expediente de disciplina urbanística DU 1/19, aos efectos oportunos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta a construción e explotación de depuradora de mariscos atópase incluída no dominio público portuario no Porto de Castiñeiras, Riveira, e clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, publicado no BOP de data 14 de xaneiro de 2003 e no DOG do 20 de marzo de 2003, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

“

(...)

ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entienda, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente





evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

(...)

“

SEGUNDO.- Os feitos anteriormente sinalados, isto é, o inicio de obras sen o preceptivo título habilitante municipal considérase unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

TERCEIRO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo **sen o título habilitante exixible** en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos pudieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses





presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase la comunicación previa. En caso de que se deniegue la licencia o no se cumplan os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persona interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrucción do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

CUARTO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrucción do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrucción, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) **Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses**





presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

PRIMEIRA.- A construción e a conseguinte actividade contempla únicamente a explotación dunha depuradora de mariscos, que nos termos presentado no proxecto que obra nas dependencias municipais non contempla a acuicultura intensiva polo que non está contemplada como tal nos anexos da lexislación de impacto ambiental nin de incidencia ambiental, constiuíndo un uso permitido no dominio público portuario nos termos que se proxecta, tanto na Lei 6/2017 de Portos de Galicia, na Lei 2/2016 do Solo de Galicia polo vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira e demais normativa sectorial de aplicación.

SEGUNDO.- Tanto e así que por resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 9 de setembro de 2015 outorgouse á entidade TRIÑARES PEGO S.L. a concesión administrativa para a construción e explotación de depuradora de mariscos no dominio



FIRMANTE - FECHA





público portuario no porto de Castiñeiras, Riveira, que conta a súa vez cunha prórroga outorgada por resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 6 de abril de 2019. Consta asimesmo resolución de 21 de marzo de 2019 publicada no DOG nº 72 o día 12 de abril de 2019 pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) dos portos de Aguiño e Castiñeiras e das instalacións marítimas de Ameixida, Riveira.

TERCEIRO.- Malia o anterior, a pesar de contar a entidade TRIÑARES PEGO S.L. coa preceptiva concesión de Portos de Galicia, e ter solicitada no Concello de Riveira a solicitude de licenza de obra dende o ano 2015, comenzáronse as obras de excavación no dominio público portuario sen o necesario título habilitante municipal, isto é a preceptiva licenza de obra, xa que os técnicos municipais emitiran informes desfavorables por entenderen que a documentación presentada no Concello non estaba completa, e que a entidade promotora non contaba con todas as autorizacións sectorias necesarias para obter a licenza de obras, polo que mediante Decreto de Alcaldía de día 9 de abril de 2019 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 1/19 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

CUARTO.- En relación coa consideración terceira o técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga o día 16 de maio de 2019 e o arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 29 de maio de 2019, emiten sendos informes desfavorables en relación á solicitude da licenza de obra para construción e explotación de depuradora de mariscos no dominio público portuario no Porto de Castiñeiras, Riveira, notificados á entidade TRIÑARES PEGO S.L. os días 24 de maio e 14 de xuño de 2019 respectivamente, no que sinalan deficiencias subsanables a realizar pola entidade promotora.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, vista a resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 9 de setembro de 2015 pola que se outorga á entidade TRIÑARES PEGO S.L. a concesión administrativa para construción e explotación de depuradora de mariscos no dominio público portuario no porto de Castiñeiras, Riveira, vista a resolución do Presidente de Portos de Galicia de día 6 de abril de 2019 pola que se outorga á entidade TRIÑARES PEGO S.L. prórroga para dita actuación, visto o informe técnico desfavorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio Luis Fernández Veiga o día 16 de maio de 2019, visto o informe técnico desfavorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos o día 29 de maio de 2019 no que sinalan deficiencias subsanables a realizar pola entidade promotora, visto que a documentación que obra nas dependencias municipais non está completa para a concesión da licenza de obra para a construción da depuradora de marisco sendo o mesmo un uso permitido no solo no que se encadra, visto o artigo 152.3.b) da LSG, visto o 382.7.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, vista a Lei 6/2017 de Portos de Galicia, vista a resolución de 21 de marzo de 2019 pola que se aproba o documento de delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) dos portos de Aguiño e Castiñeiras e das instalacións marítimas de Ameixida, Riveira, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 1/19 polo Técnico de



FIRMANTE - FECHA





Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/12/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que a construción proxectada para desenvolver unha actividade de depuradora de mariscos no dominio público portuario no porto de Castiñeiras, Riveira, é compatible co ordenamento urbanístico e medioambiental vixente, polo que se require á entidade promotora TRIÑARES PEGO S.L. para que no prazo de tres meses, presente a documentación requirida nos informes dos técnicos municipais dentro do expediente administrativo de licenza de obra que consta nas dependencias municipais, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora outorgada.

SEGUNDO.- Si transcurrido o prazo de tres meses dende a notificación de dita resolución a entidade promotora TRIÑARES PEGO S.L. non completase a documentación requirida, ou si a mesma fose informada desfavorablemente polos técnicos municipais por ser contraria á legalidade e conseguintemente se denegue a licenza por non cumprir os requisitos legais exixidos, o alcalde acordará a restitución dos terreos ao seu estado orixinal, a custa dos interesados e procederá a impedir definitivamente os usos ós que dese lugar.

No caso de incumprimento desta orde, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ó que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendo como tal á entidade promotora TRIÑARES PEGO S.L., á Asociación VERDEGAIA, á entidade Portos de Galicia, así como ao Sr. Intendente Acctal - Xefe da Policía Local do Concello para que leve a cabo a vixilancia correspondente para manter a orde de paralización.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Antonio Pérez Pérez**, de data 29/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.746), no que solicita información urbanística de parcela situada en Ameixida - Touro (Riveira), así como certificación de que non existe expediente de infracción urbanística.

